



CIRCULAR 145-2026.

XV CAMPIONATO XUNTA DE GALICIA DE 10KM RUTA ABSOLUTO, SUB20, SUB23, MÁSTER E DE CLUBS ABSOLUTO.

Art.1).- A Federación Galega de Atletismo organiza, o 1 de agosto en Vilagarcía de Arousa, o Campionato Xunta de Galicia de 10 km Ruta Absoluto, Sub 20, Sub 23, Máster e Clubs Absoluto.

Art.2).- Participación nos Campionatos.

- Campionatos individuais:
 - o Poderán participar atletas, de Sub 20 en diante, con licenza en vigor pola FGA.
- Campionatos por equipos:
 - o Poderán participar atletas, de Sub 20 en diante, con licenza en vigor por algún club de Galicia.
 - o Cada club poderá participar cun número ilimitado de corredores, puntuando para a clasificación final cun equipo por sexo.

Art.3).- As inscricións realizaranse a través do sistema en liña da RFEA na páxina <https://atletismorfea.es/user/login-registro> ata as 23:45 horas do luns 27 de xullo.

Art.4).- Os/as atletas deberán utilizar o dorsal outorgado pola organización, de forma visible en toda a súa superficie.

- A entrega realizarase no Auditorio Municipal nos seguintes horarios:
 - o 31 de xullo: de 19:00 a 21:00 horas.
 - o 1 de agosto: de 11:00 a 13:30 e de 18:00 a 21:30
- Será responsabilidade dos/as atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema para a súa colocación.

Art.5).- Prazo de comunicación de baixas.

- Rematará ás 23:59 horas do mércores 29 de xullo e serán remitidas a competicion@atletismo.gal

Art.6).- Cámara de chamadas

- Os/as participantes deberán acceder á Cámara de chamadas provistos dun documento de identificación oficial ou licenza federada en formato dixital con foto antes do peche da mesma, e deberán saír á zona de competición coa camiseta e o dorsal posto.



Art.7).- Horario e lugar de saída:

APERTURA C. CHAMADAS	PECHE C. CHAMADAS	HORA SAÍDA	PECHE CONTROL
21:35	22:05	22:15	23:25

*Pecharase o control de chegada unha vez cumprido o tempo determinado.

Localización da saída:

- ❖ Avenida da Mariña (Vilagarcía de Arousa): <https://maps.app.goo.gl/c5ZN44zH6i2k5t4s5>

Art.8).- Clasificación por clubs.

- Farase tomando como referencia a suma de tempos conseguidos polos/as tres primeiros/as atletas dun mesmo club (dos cales só un/unha pode ser estranxeiro/a), saíndo vencedor o club que sume un menor tempo.
- No caso de empate na clasificación o gañador será o club cuxo último/a corredor/a que puntúe quede mellor clasificado/a.
- Os clubs poderán ser masculinos ou femininos, pero non mixtos.

Art.9).- Entrega de Premios.

- Os/as tres primeiros/as atletas Absolutos, Sub 20, Sub 23 e de cada categoría Máster, recibirán unha medalla conmemorativa do Campionato.
- Os/as tres primeiros/as equipos absolutos recibirán un trofeo conmemorativa do Campionato, sendo de obrigado cumprimento acudir ao protocolo de entrega de premios.
 - o Segundo se recolle nas normas técnicas, non haberá entrega de premios no caso de que non participen, de boa fe, polo menos tres equipos.
- A entrega de premios realizarase, na explanada do Auditorio Municipal, a partir das 23:30 horas.

Art.10).- A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. Aplicaranse as seguintes penalizacións:

- Inscricións fora de prazo:
 - o Deberán ser enviadas a competicion@atletismo.gal para a súa valoración:
 - Individuais: 10 € por atleta.
 - Clubs: 25 € por equipo.
- Calquera baixa nas 48 horas previas ao inicio da competición ou a non participación final, levará asociada o cobro da cota de inscrición xunto cunha sanción de 5€ por proba.

Art.11).- Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, de acordo as normas da FGA, RFEA e World Athletics.



CIRCULAR

Complexo Deportivo de Elviña, Avenida de Glasgow, 13
15008 A Coruña. - T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal
atletismo.gal - carreirasgalegas.com



A Coruña, a 07 de xullo do 2026

Yolanda González Fernández
Secretaria Xeral da Comisión Xestora da Federación Galega de Atletismo